



CIRCULAR 5/2018

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

VII CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE INVERNO E I CAMPIONATO JUNIOR/SUB20 DE LANZAMENTOS LONGOS

Centro Galego de Tecnificación (Pontevedra), 10 de febreiro do 2018

Art.1) A Delegación da F.G.A en Pontevedra organizará o **VII campionato de Galicia Absoluto de Inverno e o I Campionato de Galicia Junior/sub20 de Lanzamentos Longos**, que terá lugar no Centro Galego de Tecnificación o vindeiro sábado **día 10 de febreiro do 2018**.

Art.2) Poderán participar todos aqueles atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2017/18) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos de Galicia*

Art.3) Poderán participar en cada especialidade os atletas que se inscriban coas 12 mellores marcas do ranking galego, conseguidas durante a tempada 2016/17 ou 2017/18.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 6 de febreiro do 2018**.

Art.5) Os atletas deberán retirar o seu dorsal ata 60 minutos antes do inicio da proba. A entrada à pista farase por cámara de chamadas, non permitíndose o acceso à mesma dende outro punto distinto a esta.

O acceso à pista efectuarase 30 minutos antes do inicio de cada proba. Poderá permitirse a entrada à pista de atletas posteriormente sempre é cando non iniciara à proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

Art.6) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas, tanto en homes como en mulleres. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

Art.7) Pasarán á mellora as 3 mellores marcas de cada categoría así coma as 4 seguintes mellores marcas independentemente da categoría.



Art.8) Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles

Art.9) HOMOLOGACIÓN DE ARTEFACTOS

Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo de cada proba, exceptuando a xavelina que deberá ser ata 1 hora e 30 minutos antes.

Art.10) HORARIO (provisional). Publicarase o horario definitivo o mércores anterior à competición en función dos atletas inscritos.

09:45 h	Martelo mulleres
11.15 h	Disco mulleres
12:00 h	Xavelina mulleres
13.00 h	Martelo homes
17.15 h	Disco Homes
18.45 h	Xavelina Homes

Art.11) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito (direcciontecnica@atletismo.com), salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Art.12) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A. (ver normas técnicas 2017/2018), R.F.E.A. e I.A.A.F.

Dolores Rojas Suárez
Secretaria Xeral da FGA

A Coruña, 17 de xaneiro de 2018